



MARZO 2024

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Marzo 2024

| | ESPAÑA | | GALICIA | |
|----------------------|------------|--------------------|---------|--------------------|
| | Nº | Var. Int. 24/23 | Nº | Var. Int. 24/23 |
| VIAXEIROS | 8.456.178 | 14,9% | 304.702 | 21,5% |
| NOITES | 24.533.888 | 19,1% | 562.412 | 22,0% |
| ESTADÍA MEDIA | 2,90 | 3,7% | 1,85 | 0,4% |
| % OCUPACIÓN | 55,12% | 3,50 | 32,08% | 3,70 |
| ADR | 109,2 € | 9,7% | 64,42 € | 12,3% |
| RevPAR | 69,5 € | 12,2% | 23,25 € | 15,0% |

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Os resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira para Galicia correspondentes ao mes de marzo están condicionados polo efecto do calendario e particularmente pola celebración da Semana Santa, que este ano 2024 celebrouse integramente en marzo -na última semana do mes- e en 2023 en abril. A comparativa ten, por tanto, un nesgo claro que condiciona -agora mesmo en positivo- os resultados do mes.

Neste mes de marzo o INE estima que abriron en Galicia uns 1.300 establecementos hoteleiros -cifra levemente superior á do pasado ano 2023 e tamén á de 2019, previa á pandemia-, que ofertaron pouco máis de 56 mil prazas -un 7,6% máis que en marzo de 2023-.

Amósanse a continuación os principais resultados deste terceiro mes do ano:

- O segmento hoteleiro de Galicia presenta un comportamento positivo neste terceiro mes de 2024. Rexistra preto de 305 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 562 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifras que supoñen un incremento respecto dos valores de marzo de 2023 -do 22% en ambos casos-. Sitúanse igualmente por encima dos valores previos á pandemia.
- Con isto o aloxamento hoteleiro da comunidade rexistra tres anos consecutivos de crecemento da demanda neste terceiro mes do ano e acada a cifra máis elevada dos últimos anos. O máximo da serie histórica rexístrase en marzo de 2008 cando se rexistraban preto de 590 mil pernoctacións.
- Galicia consolida desta maneira á senda de crecemento da demanda que viña mantendo en 2023, con subas nos primeiros cinco meses do ano e tamén no último cuadrimestre, así como no pasado mes de febreiro. En xaneiro deste ano rexistrara unha caída puntual do 3,2%.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase tamén un comportamento positivo que leva a superar nun 21,5% o volume do pasado ano e marcar un máximo da serie histórica acadando por vez primeira máis de 300 mil viaxeiros no conxunto da comunidade.



- A nivel estatal obsérvase un comportamento positivo en todas as comunidades autónomas. Todas superan os niveis de demanda do pasado ano mais con diferenzas de intensidade. Os incrementos máis notorios localízanse en Baleares -rexistra unha suba próxima ao 80% interanual- e en destinos do norte peninsular -concretamente en Asturias e Cantabria, que rexistran incrementos do 41% e 36% respectivamente-.
- No lado contrario os crecementos máis suaves corresponden a destinos do interior peninsular, concretamente Castela A Mancha e Estremadura -por debaixo do 10% interanual-.
- Neste contexto Galicia colócase nunha posición relativamente alta no ranking de variacións interanuais, cun dos incrementos máis importantes de todas as comunidades autónomas -similar ao rexistrado no País Vasco e A Rioxa-. Mellora en tres puntos da media do conxunto do Estado -que en termos globais supera nun 19% o dato do pasado ano-.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na oitava posición absorbendo o 2,3% do total estatal. Mellora o posto acadado nos últimos dous meses aínda que habitualmente ocupa o sétimo lugar.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Canarias -con preto de 6,4 millóns de noites-, Andalucía -con 4,2 millóns-, Cataluña -con case 3,7 millóns-, a C. Valenciana -con algo máis de 2,4 millóns-, e Madrid -con máis de 2,2 millóns neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan ao 77% do total da demanda hoteleira do conxunto do Estado. Só Canarias, que lidera por quinta vez consecutiva o ranking estatal, absorbe neste mes o 26% da demanda total de España -unha de cada catro pernoctacións estatais-.
- A continuación deste grupo principal de cinco destinos sitúanse dous por diante de Galicia. Son Baleares e Castela e León -a primeira cun volume de demanda superior a 1,6 millóns de noites e a segunda no contorno das 700 mil-.
- O 78% das noites hoteleiras -case oito de cada dez rexistradas neste mes- corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 48% do total-. Así pois, case unha de cada dúas noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe levemente superior á observada nos últimos dous meses-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 30% mentres que o 22% restante corresponde ao turismo internacional -segmento que por quinta vez consecutiva non supera ao dos residentes na comunidade-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo neste mes. En síntese increméntase o nivel de demanda dos tres grandes segmentos de mercado, nun 11% o turismo interno, nun 28% o receptor nacional e nun 26% o internacional. Obsérvase, por tanto, maior intensidade de crecemento no mercado receptor fronte ao dos residentes en Galicia.



- Con esta dinámica o mercado receptor consolida tres anos consecutivos de crecemento da demanda no mes de marzo -a taxas variables- que permiten acadar 273 mil noites aquel de orixe nacional e máis de 122 mil noites o internacional. Este último marca un máximo da serie histórica superando por vez primeira a barreira das 100 mil pernoctacións neste terceiro mes do ano.
- O mercado interno consolida tamén a serie de crecementos consecutivos posteriores á pandemia mais fica aínda por debaixo do nivel de 2019 -cun valor moi parello-.
- Este comportamento leva a que o mercado interno acade neste ano, e así aconteceu tamén no primeiro bimestre de 2024, o peso máis baixo da serie histórica de marzo, absorbendo o 30% do total da demanda -tres puntos por debaixo da porcentaxe que representaba no pasado ano-. Pola contra, o segmento internacional rexistra o peso máis alto de toda a serie de marzo, co 22% do total -medio punto por encima da porcentaxe do pasado ano-.
- O segmento receptor nacional incrementa a súa cuota de mercado en dous puntos acadando tamén unha das porcentaxes máis elevadas de toda a serie histórica.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é tamén positivo. O número de noites supera o dato do pasado ano en todas as provincias con intensidade variable -un 9% en A Coruña, un 13% en Ourense, un 27% en Lugo e un 47% en Pontevedra-.
- Son variacións que levan no caso de A Coruña, Lugo e Pontevedra a rexistrar as cifras máis altas dos últimos cinco anos.
- Co 45% das noites hoteleiras A Coruña lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de marzo -consolida a primeira posición cun peso algo inferior ao observado en xaneiro e febreiro-. Segue a continuación e a distancia Pontevedra, co 34%, por diante de Lugo e Ourense -co 13% e 9% do total, respectivamente-. Mantense por tanto en marzo a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 78% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra-, se ben neste caso o reparto entre as dúas é algo asimétrico.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén positivo. Neste sentido increméntase o volume de noites en todos os segmentos agás nas pensións dunha estrela onde se rexistra unha caída do 7% en relación ao pasado ano. As subas son de notable intensidade, sendo maiores nos hoteis de unha a tres estrelas -rexistran crecementos superiores ao 30% interanual-.
- En termos globais o nivel de demanda sobe un 25% nos hoteis e un 6% nas pensións.
- Os hoteis de catro e cinco estrelas son unha vez máis o segmento de maior volume e peso no conxunto da oferta hoteleira -absorben neste mes o 42% do total da demanda-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,85 noites, cifra que en termos globais mantense estable nos valores do pasado ano. Fica, en cambio, por debaixo do dato previo á pandemia pero cun nivel parello ao observado a mediados da década pasada.



- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado - mellora o dato de catro destinos-. Canarias, con 6,4 noites, marca a cifra máis elevada. No lado contrario, con 1,7 noites, sitúase A Ríoxa -xunto con Castela e León, Castela A Mancha e Estremadura rexistran valores inferiores aos de Galicia-.
- A nivel territorial a estadía media presenta pequenas variacións. Os valores máis elevados localízanse en Pontevedra -con 2,0 noites de media-, sitúase en 1,8 noites en A Coruña e Ourense e baixa a 1,7 noites en Lugo.
- Obsérvanse tamén pequenas diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Dous segmentos rexistran exactamente dúas noites de media -hoteles e pensións dunha estrela-, ficando as restantes categorías por debaixo dese valor -o nivel máis baixo queda nas pensións de tres e dúas estrelas, con 1,5 noites-.
- O incremento do nivel de demanda en relación ao pasado ano -do 22%- acontece nun contexto no que o volume de oferta sobe con menor intensidade. Isto leva a que os niveis de ocupación melloren en relación ao 2023 -en case catro puntos-, situándose no 32,1% de media -a segunda cifra máis elevada da serie histórica só por detrás da porcentaxe rexistrada en marzo de 2008-.
- En termos comparativos Galicia rexistra a cifra de ocupación máis baixa de todas as comunidades autónomas. Canarias marca agora en marzo, por sexta vez consecutiva, a porcentaxe máis elevada cun 76,6% de media -consolida esta posición logo de que na temporada media e alta, de maio a setembro, fose Baleares o destino con maior nivel de ocupación-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 64,4 euros, cifra que supera os rexistros dos últimos anos -nun 12,3% en comparación co ano pasado e nun 22,4% a cifra de 2019- e marca, en esencia, o valor máis elevado da serie histórica. Descontando o efecto da inflación no mes de marzo obsérvase que o incremento real das tarifas hoteleiras sitúase no contorno do 8%.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición baixa no conxunto do Estado -rexistra, en esencia, a tarifa máis baixa de toda España-. Canarias, con 143,9 euros, presenta en cambio as tarifas máis elevadas neste mes.
- O incremento da demanda e dos niveis de ocupación acontece, por tanto, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras. Isto leva igualmente a unha mellora dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro sobe un 15,0% para situarse en 23,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.
- Galicia fica neste ámbito en posicións baixas respecto do observado nas restantes comunidades autónomas -rexistra igualmente o dato máis baixo do conxunto do Estado. Con 127,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Canarias marca tamén o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 21,9 millóns de euros no mes de marzo, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 23,5%- así como o valor previo á pandemia, de marzo de 2019 -cando se facturaban



preto de 16 millóns de euros no segmento hoteleiro da comunidade-. Marca, con isto, a cifra máis elevada da serie histórica.

ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Marzo 2015-24




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Marzo 2024/23




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Marzo 2024/23




Fig. 4. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Marzo 2024/23




Fig. 5. Evolución da estadia media. Marzo 2015-24




Fig. 6. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Marzo 2015-24






Fig. 7. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Marzo 2014-24




Fig. 8. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Marzo 2014-24

